Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MARTES, 24 DE NOVEMBRO DE 2026 MARTES, 24 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 225

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LARACHA, A

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DEL CONCURSO DE VILLANCICOS DE NAVIDAD 2026 "MARÍA ANGERIZ TUSET"

BDNS(Identif.): 943379

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/943379)

1-OBJETO

Es objeto de este concurso estimular a las asociaciones y coros del municipio fomentando el espíritu propio navideño con piezas propias de estas fechas.

2.PARTICIPANTES

Podrán participar todas las asociaciones y coros de cualquier de las parroquias que componen el término municipal.

En el caso de no ser una asociación es obligatorio nombrar un representante legal, que será quien reciba el importe económico del premio.

3.INSCRIPCIÓN

Los colectivos participantes podrán hacer la inscripción de manera telemática en el formulario que estará disponible en la página web www.alaracha.gal. También se podrá formalizar la inscripción presencialmente en la Casa de la Cultura de A Laracha

Si es el primero año que se presenta al concurso, o si el número de cuenta cambió respecto a los años anteriores, es necesario aunar en el formulario el certificado de titularidad de cuenta bancaria.

4.PLAZO DE INSCRIPCIÓN

El plazo de presentación de solicitudes de participación comienza a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en el BOP y finaliza el jueves 17 de diciembre del 2026.

5. CONDICIONES PARTICIPANTES

Cada grupo participante actuará una única vez.

La duración máxima de cada villancico será de 10 minutos y pueden ser cantadas tanto en gallego como en castellano.

Para participar es indispensable que los grupos tengan un mínimo de 5 componentes. No podrán formar parte de más de un grupo, coro o asociación un máximo de dos componentes.

6.PREMIOS

Cada entidad participante recibirá una gratificación económica de 200 € por el mero hecho de tomar parte en el concurso, con un máximo de 10 participantes.

Además se establecen los siguientes premios:

1° PREMIO: 500€

2° PREMIO: 400€

3° PREMIO: 350€

4° PREMIO: 300€

5° PREMIO: 250€

6° PREMIO: 200€

7° PREMIO: 150€

Número de anuncio 2026/7666

7. JURADO

El jurado, nombrado por la Concejalía de Cultura, estará compuesto por cinco personas, que podrán ser empleados municipales y representantes del tejido asociativo del municipio.

Deberán tener en cuenta para su valoración la calidad musical y la puesta en escena de cada propuesta.

La decisión del jurado será inapelable.

8. CELEBRACIÓN DEL CONCURSO

El concurso se celebrará el SÁBADO 19 DE DICIEMBRE de 2026 a las 18:00 horas en la Casa de la Cultura de A Laracha.

9. INTERPRETACIÓN

El Ayuntamiento de A Laracha se reserva la facultad decisoria en el caso de controversia a la hora de interpretar a las bases.

10- PUBLICACIÓN

Las presentes bases se publicarán en la página web del Ayuntamiento de A Laracha, y se difundirán a través de las redes sociales del propio ayuntamiento y medios de comunicación.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 20.8 la) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, el extracto de la presente convocatoria se publicará en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña, tras la transmisión de su texto a la Base de datos Nacional de Subvenciones (BDNS). El plazo de presentación de solicitudes computará a partir del día siguiente al de la publicación del dicho extracto en lo citado Boletín Oficial

11. ACEPTACIÓN DE LAS BASES

La participación en este concurso supone la plena aceptación de las presentes bases

A LARACHA

17/11/2026

Alcalde del Ayuntamiento de A Laracha Jose Manuel López Varela

Número de anuncio 2026/7666

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE PANXOLIÑAS DE NADAL 2026 "MARÍA ANGERIZ TUSET"

BDNS(Identif.): 943379

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/943379)

1-OBXECTO

É obxecto deste concurso estimular ás asociacións e coros do municipio fomentando o espírito propio do Nadal con pezas propias destas datas.

2.PARTICIPANTES

Poderán participar todas as asociacións e coros de calquera das parroquias que compoñen o termo municipal.

No caso de non ser unha asociación é obrigatorio nomear un representante legal, que será quen reciba o importe económico do premio.

3.INSCRICIÓN

Os colectivos participantes poderán facer a inscrición de maneira telemática no formulario que estará dispoñible na páxina web www.alaracha.gal. Tamén se poderá formalizar a inscrición presencialmente na Casa da Cultura da Laracha

Se é o primeiro ano que se presenta ao concurso, ou se o número de conta cambiou respecto aos anos anteriores, é necesario axuntar no formulario o certificado de titularidade de conta bancaria.

4.PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de presentación de solicitudes de participación comeza a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP e remata o xoves 17 de decembro do 2026.

5. CONDICIÓNS PARTICIPANTES

Cada grupo participante actuará unha única vez.

A duración máxima de cada panxoliña será de 10 minutos e poden ser cantadas tanto en galego como en castelán.

Para participar é indispensable que os grupos teñan un mínimo de 5 compoñentes. Non poderán formar parte de máis dun grupo, coro ou asociación un máximo de dous compoñentes.

6.PREMIOS

Cada entidade participante recibirá unha gratificación económica de 200 € polo mero feito de tomar parte no concurso (cun máximo de 10 participantes)

Ademais establécense os seguintes premios:

1º PREMIO: 500€

2º PREMIO: 400€

3º PREMIO:350€

4º PREMIO: 300€

5º PREMIO: 250€

6º PREMIO: 200€

7º PREMIO: 150€

7. XURADO

O xurado, nomeado pola Concellería de Cultura, estará composto por cinco persoas, que poderán ser empregados municipais e representantes do tecido asociativo do municipio.

Deberán ter en conta para a súa valoración a calidade musical e a posta en escena de cada proposta.

A decisión do xurado será inapelable.

8. CELEBRACIÓN DO CONCURSO

O concurso celebrarase o SÁBADO 19 DE DECEMBRO de 2026 ás 18:00 horas na Casa da Cultura da Laracha.

9. INTERPRETACIÓN

O Concello da Laracha resérvase a facultade decisoria no caso de controversia á hora de interpretar ás bases.

Número de anuncio 2026/7666

10- PUBLICACIÓN

As presentes bases publicaranse na páxina web do Concello da Laracha, e se difundirán a través das redes sociais do propio concello e medios de comunicación.

De conformidade co disposto no artigo 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, tras a transmisión do seu texto á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS). O prazo de presentación de solicitudes computará a partir do día seguinte ao da publicación do devandito extracto no citado Boletín Oficial

11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases

A LARACHA

17/11/2026

Alcalde do Concello da Laracha Jose Manuel López Varela

2026/7666

Número de anuncio 2026/7666